



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E CRUZ ROJA ESPAÑOLA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DE CRUZ ROJA ESPAÑOLA DE VIVENDAS CO OBXECTO DE DESTINALAS A ACTUACIÓNS DE ACOLLIDA A PERSOAS REFUXIADAS A DESENVOLVER POLA XUNTA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que este IGVS ten previsto formalizar coa Consellería de Política Social e Cruz Roja Española o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue un ano desde a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre o IGVS, a Consellería de Política Social e Cruz Roja Española que permitan a esta última asumir a xestión das vivendas que lle poña a disposición o IGVS coa finalidade de destinalas a satisfacer as necesidades de aloxamento das persoas comprendidas no ámbito das actuacións de acollida a persoas refuxiadas a desenvolver pola Xunta de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Ante a situación de crise humanitaria que se está a producir cos refuxiados, o IGVS, en canto órgano competente en materia de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, considera necesario atender ás necesidades de acollida e aloxamento deste colectivo singular.

Na actualidade o IGVS dispón de vivendas facilitadas por varias entidades financeiras en virtude dos Convenios asinados para facilitar a permanencia na vivenda de persoas afectadas por execucións hipotecarias e para a cesión de vivendas baleiras, co obxecto de destinalas á protección de debedores hipotecarios, a afectados por desafiuzamentos por impago de rendas e a outras políticas sociais en materia de vivenda.





En virtude do presente convenio, as citadas vivendas poderanse poñer a disposición de Cruz Roja Española para que as destine á acollida e aloxamento de persoas refuxiadas.

A Consellería de Política Social ten competencias en materia de servizos sociais, entre as que se inclúe a política de inmigración e a coordinación do proceso de acollida e integración das persoas refuxiadas no territorio da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Neste sentido, a Consellería de Política Social, para o adecuado desenvolvemento das actuacións de acollida a persoas refuxiadas que está a desenvolver a Xunta de Galicia, require dispoñer dun número mínimo de vivendas para destinalas, ben a aquelas persoas e unidades familiares que se benefician destas actuacións, ben a aquelas entidades que colaboren nesa tarefa, coma é o caso de Cruz Roja Española.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 15 de xullo de 2016.

